



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZASEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (02/2026)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día dezaseis de xaneiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 005/2026, de 5 de xaneiro, pola que se prorroga o Orzamento de 2025 para o 2026 (Expediente Tedec núm. 2026/G003/000007)
- 2.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 010/2026, de 8 de xaneiro, de incorporación de remanentes de crédito núm. 1/2026 (Expediente Tedec núm. 2026/G003/000009)
- 3.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de decembro último
- 4.- Asuntos urxentes
- 5.- Rogos e preguntas

1.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 005/2026, DE 5 DE XANEIRO, POLA QUE SE PRORROGA O ORZAMENTO DE 2025 PARA O 2026 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2026/G003/000007) .

A resolución da Alcaldía núm. 005/2026 á que se refire este punto da orde do día enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: PRORROGA ORZAMENTO 2025 PARA 2026

EXPEDIENTE: 2025/G003/000007

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ANTECEDENTES:

O artigo 169.6 do Real decreto lexislativo 2/2004 e o 21 do Real decreto 500/1990, establecen que, se ao comezar o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerárase automaticamente prorrogado o do anterior, co límite dos seus créditos iniciais e ata a entrada en vigor do novo orzamento.

Na data actual aínda non entrou en vigor o orzamento para o ano 2026, o que constitúe o suposto de feito ao que se refiren os preceptos antes mencionados.

O artigo 21.2 do RD 500/1990 sinala que en ningún caso terán singularmente a consideración de prorrogables as modificacións de crédito, nin os créditos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou se financien con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, fosen percibirse en dito exercicio. Nin todo o gasto corrente debe de ser prorrogado nin todo investimento debe considerarse improrrogable.

A Prórroga do Orzamento do 2025 para o 2026, régúlase con carácter específico para o Concello de Monfero nas súas Bases de Execución, en concreto na número 24, que, entre outras cousas, establece que se prorrogarán os créditos destinados a subvencións nominativas, entendéndose neste caso referidas ao ano ao que se prorrogan, e os das subvencións xenéricas (axudas ao estudo, fomento da natalidade e emerxencia social), por considerar que son habituais e se repiten ano tras ano no orzamento. Así como a parte do gasto afectado financiado con subvencións ordinarias, definidas como aquelas que concederan nos dous anos anteriores ao exercicio ao que se vai prorrogar o orzamento cunha diferenza entre un e outro que non excedera dun 50 por 100, que son a maioría das que percibe o Concello, os créditos destinados a achegas para actuacións, obradoiros, e gastos de mantemento de bens comúns e outros conveniados ou a conveniar con outros concellos e a correspondente ao programa Xantar na Casa. E, pola contra, que non se prorrogarán os créditos para investimentos financiados con subvencións (POS, Plan Camiña do Agader e FCA) pero si o resto dos créditos destinados a investimentos. E tampouco os derivados do Plan POS de amortización de débeda, nin a parte de gasto afectado financiado con subvencións non ordinarias, entendendo que son tales aquelas que non concederan nos dous anos anteriores ao que se vai prorrogar o orzamento cunha diferenza entre un e outro que excedera dun 50 por 100, neste caso as derivados do convenio para tratamentos preventivos para a prevención de incendios forestais (6.000,00€) e a asignada no Fondo de Cooperación Local Adicional para a xestión dos residuos (8.248,64€), que se concederon por primeira vez no 2025. Nestes dous casos, por razóns de economía de trámite, aplícanse as minoracións ás primeiras aplicacións dos grupos de programas correspondentes nas que se poden imputar na súa totalidade o crédito a reducir.

Logo de ver o informe da Secretaría-Intervención,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Primeiro: Poñer en marcha o mecanismo establecido no artigo 169.6 do Real decreto legislativo 2/2004 e o artigo 21 do Real decreto 500/1990, consistente na **prórroga automática dos créditos iniciais do exercicio 2025 para o ano 2026**, así como das previsións de ingresos contempladas no orzamento para o referido exercicio.

Segundo: En cumprimento do disposto no artigo 21.2 do RD 500/90, sobre os créditos iniciais do 2025 que se prorrogan para 2026, practíquense os axustes á baixa que se especifican deseguido:

Aplicación 2025	Explicación	Axustes á baixa
1531.21300.2502	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE accesos núcleos poboación, financiado co convenio para tratamentos para a prevención de incendios forestais concedido por primeira vez no 2025	6.000,00 €
1621.21400.2501	REP., MANT. E CONSERVAC. ELEMENTOS DE TRANSPORTE para recollida de residuos financiado co FCL Adicional xestión RSU por primeira vez no 2025	8.248,64 €
1722.62900.2542	FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL:Reparación xanelas Cámara Agraria	32,755.80 €
231.62900.2532	ADQUISICIÓN AXUDAS TÉCNICAS SERVIZOS SOCIAIS	4,365.00 €
453.61100.2530	POS + 2025 (anualidade 25)	80.862,13 €
453.61100.2531	POS + 2025 (anualidade 24)	369,335.35 €
453.61100.2441	AGADER MELLORA CAMIÑOS 2024-2025 PREVISIÓN ANUALIDADE 2025	36,648.00 €
453.61100.2541	AGADER MELLORA CAMIÑOS 2025-2026 PREVISIÓN ANUALIDADE 2025	41,253.36 €
011.,91100.2500	Amortización débeda POS+ Ad 3/2025	134.303,76 €
SUMA		713.772,04

Terceiro: Prorrogar igualmente para o 2026 as Bases de Execución do orzamento do ano 2025, entendéndose no caso das subvencións nominativas que están referidas ao ano ao que se prorrogan, 2026.

Cuarto: En tanto non entre en vigor o orzamento para o exercicio de 2026, o do 2025 prorrogado para dito exercicio poderá ser obxecto de calquera das modificacións orzamentarias previstas no Real decreto legislativo 2/2004, de acordo co disposto no artigo 21 do Real decreto 500/1990.

Quinto: Unha vez que entre en vigor o orzamento para o ano 2026, se for o caso, deberán efectuarse os axustes precisos para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado pola secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario-interventor
Baldomero Beceiro Alonso

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que a teñen todos, pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e proclama que o pleno toma coñecemento.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 010/2026, DE 8 DE XANEIRO, DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO NÚM. 1/2026 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2026/G003/000009)

A resolución da Alcaldía núm. 010/2026 á que se refire este punto da orde do día enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS POR INCORPORACIÓN DE REMANENTES 1/2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000009

ANTECEDENTES:

Logo de ver o expediente n.º 1/2026, de modificación de créditos no vixente orzamento da Corporación para o ano 2026, prorrogado do 2025, por incorporación de remanentes de crédito do orzamento anterior financiados con compromisos de ingresos, o disposto nos artigos 182.1 c) e 182.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, os artigos 34, 47, 48 e 98 do Real decreto 500/1990, as Bases de Execución do Orzamento vixente e o informe da Secretaría-Intervención,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/2026, por incorporación de remanentes de crédito, e incorporar ao orzamento do 2026 os créditos aos que se refire a seguinte táboa:

CRÉDITOS INCORPORADOS CON CARGO A COMPROMISOS DE INGRESO			
DESCRICIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE	SUBCONCEPTO ORZAMENTARIO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Elaboración P.X.O.M.	151.0505.60100	60.792,59	75080.0505
POS+ Adicional 2B/2024: (Parque infantil)	171.2544.61900	55.359,98	76100.2544
POS+ 2025 (Anual. 2025): (Acondicionamento CPI)	933.2530.63900	79.358,20	76100.2530
POS+ 2025 (Anual. 2024): (MCRC Q, V, VX, AX e SF)	453.2531.61100	348.109,74	76100.2531
SUMAN		543.620,51	

Tales incorporacións fináncianse na súa totalidade con cargo a compromisos firmes de ingresos afectados aos remanentes que se incorporan.

O expediente que se aproba é firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na contabilidade da Corporación os axustes derivados deste.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado pola secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso"

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que a teñen todos, que a puideron ler. Informa de que os créditos que se incorporan son 60.000,00€ da elaboración do PXOM, 55.359,00 do parque infantil, 79.358,00 do acondicionamento da cuberta do patio do CPI máis a reposición do muro do colexio, pintado da zona de buses e tamén pintado do circuíto viario para os nenos, e 348.000.00€ do Plan de Obras e Servizos da Deputación da Coruña do ano pasado, que suman un total de un pouco máis de medio millón de euros, 543.000.00€

Deseguido pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e proclama que o pleno toma coñecemento.

3.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE DECEMBRO ÚLTIMO

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de decembro de 2025, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA MES DE DECEMBRO DE 2025

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00389/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-02 10:50:00
00390/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 03-12-2025 (43/2025)	2025-12-02 13:09:00
00391/2025	CM SUBMINISTRACIÓN MATERIAL DIVERSO PACTO ESTADO V.X.2025	2025-12-03 13:11:00
00392/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-03 14:45:00
00393/2025	PAGO TGSS	2025-12-03 15:14:00
00394/2025	CONVOC. SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URXENTE 05-12-2025 (17/2025)	2025-12-04 14:50:00
00395/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO 05-12-2025 (44/2025)	2025-12-04 15:23:00
00396/2025	TAXA DEPUTACIÓN	2025-12-04 13:39:00
00397/2025	EXPDTE. M.C 18/2025 XC. CONVENIO ADESTRA A TÚA SAÚDE	2025-12-05 10:12:00
00398/2025	CONVENIO C.P.I 2025	2025-12-05 10:12:00
00399/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-09 11:12:00
00400/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO 12-12-2025 (45/2025)	2025-12-10 14:14:00
00401/2025	CAMPAÑA DE NADAL DE PROMOCIÓN TURÍSTICA EN APOIO AO COMERCIO LOCAL	2025-12-10 14:46:00
00402/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-10 14:46:00
00403/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-11 15:29:00
00404/2025	NÓMINA ATRASOS ACTUALIZACIÓN SALARIAL SMI, NOVENA MODIFICACIÓN RPT	2025-12-11 15:17:00
00405/2025	CO POS+2025 (M.PAV CMÑOS.Queixeiro, Vilachá, Val Xestoso, Alto Xestoso e San Félix)	2025-12-12 13:53:00
00406/2025	Contrato Menor: SUBMINISTRACIÓN LOTES DE NADAL 2025	2025-12-15 14:16:00
00407/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-16 12:50:00
00408/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2025	2025-12-16 12:50:00
00409/2025	EXPDTE. 17/2025 SUPERÁVIT	2025-12-16 12:50:00
00410/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-12-16 12:50:00
00411/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-16 12:51:00
00412/2025	APROBACIÓN PERMISO PARA CONCORRER A PROBAS SELECTIVAS	2025-12-16 12:51:00
00413/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-16 12:51:00
00414/2025	RELACIÓN FACTURAS 063DRRSU/2025 CON AD	2025-12-16 12:51:00
00415/2025	RELACIÓN FACTURAS 064DRRSE/2025 CON AD	2025-12-16 12:51:00
00416/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 19-12-2025 (18/2025)	2025-12-16 14:58:00
00417/2025	RELACIÓN FACTURAS 065DOK	2025-12-16 18:56:00
00418/2025	RELACIÓN FACTURAS 066DOISE/2025	2025-12-17 12:46:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00419/2025	Contrato Menor. XORNADAS ANIMACIÓN NADAL2025-2026	2025-12-17 15:05:00
00420/2025	APROBACIÓN CONVENIO E SOL OBRADOIRO DE EMPREGO LAMBRE MANDEO 2026	2025-12-18 11:01:00
00421/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 19-12-2025 (46/2025)	2025-12-18 15:00:00
00422/2025	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 069XRRSE/2025 CON AD	2025-12-18 15:00:00
00423/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-18 15:01:00
00424/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-12-18 15:01:00
00425/2025	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-18 15:02:00
00426/2025	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 068XRRSE/2025	2025-12-22 11:15:00
00427/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 23-12-2025 (47/2025)	2025-12-22 15:33:00
00428/2025	CESE FUNCIONARIO INTERINO AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2025-12-23 13:18:00
00429/2025	CESE FC AUXILIAR ADMINISTRATIVO POS+ Adic 2025 Gasto Social	2025-12-23 13:18:00
00430/2025	MODIFICACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2025 POR RAZÓNS DO SERVIZO	2025-12-23 13:20:00
00431/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-23 13:20:00
00432/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-23 13:20:00
00433/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-23 13:21:00
00434/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 29-12-2025 (19/2025)	2025-12-23 15:00:00
00435/2025	NÓMINA 12/2025	2025-12-23 17:30:00
00436/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-26 12:12:00
00437/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-26 11:31:00
00438/2025	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-26 11:31:00
00439/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-26 11:31:00
00440/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-12-26 11:31:00
00441/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 29-12-2025 (48/2025)	2025-12-26 15:06:00
00442/2025	LEVANTAMENTO REPAROS RELACIÓN FACTURAS 073XRRSE/2025	2025-12-26 15:05:00
00443/2025	ABONO GASTOS FORMACIÓN EMPREGADO PÚBLICO	2025-12-26 15:08:00
00444/2025	EMBARGO SALARIAL	2025-12-26 15:09:00
00445/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS	2025-12-29 13:19:00
00446/2025	: INDEMNIZACIÓN POR SERVIZO SR. TENENTE DE ALCALDE 01/01/2025-31/12/2025	2025-12-29 19:38:00
00447/2025	RELACIÓN FACTURAS 079DOK/2025	2025-12-29 19:38:00
00448/2025	RELACIÓN FACTURAS 078DRRSE/2025 CON AD	2025-12-29 19:38:00
00449/2025	RELACIÓN FACTURAS 077DOISE/2025	2025-12-29 19:39:00
00450/2025	RELACIÓN FACTURAS 076DRRSE/2025	2025-12-29 19:39:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00451/2025 RELACIÓN FACTURAS 075DRRSU/2025

2025-12-29 19:40:00

00452/2025 RELACIÓN FACTURAS 074DOISUFE/2025

2025-12-29 19:40:00

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que tamén o teñen todos, pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e proclama que o pleno toma coñecemento.

4.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algún asunto urxente.

Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que en asuntos urxentes quería a ver se se podía levar, vía urxencia, a moción que presentou antonte sobre o tratado Mercosur, dado que mañá é a primeira sinatura en Paraguai e o 21 en Bruxelas, que se se deixa para o próximo pleno retira a moción.

O Sr. Alcalde en funcións fai entrega dunha copia do escrito que contén a dita moción á Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se queren que proceda o debate da moción teñen que votar a súa urxencia.

D.^a M.^a Belén Salido Maroño di que non saben de que vai a moción e entón...

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que é de apoio ás reivindicacións do sector agrogandeiro polo Tratado Mercosur.

Engade o Sr. Concelleiro do BNG que tamén leva máis cousas, que tamén leva o das enfermidades da EHE para que se fagan programas a nivel Galicia polo menos que a nivel do resto de España lle importa bastante pouco.

De orde do Sr. Alcalde en funcións, o Sr. Secretario-Interventor informa de que o primeiro a facer é votar sobre a urxencia e, se procede esta, tratar a moción.

Explica o Sr. Alcalde en funcións que primeiro van a votar se procede tratalo pola vía de urxencia e, se procede a urxencia, despois se le a moción no caso de que saia para adiante.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a urxencia de tratar a moción. Votase. O resultado é de 4 votos a favor (PSOE e BNG), ningún voto en contra e 4 abstencións (PP). Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que non habendo maioría absoluta, non procede, que queda para o seguinte pleno.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño. Indica que o seu grupo trae unhas preguntas ao grupo de goberno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Expón que no Val de Xestoso, no local dos cazadores, gustaríalles contar con mobiliario e que piden que desde o Concello se lles axude aos cazadores, se se lles poden levar unhas mesas e unhas cadeiras. Que non saben como está agora mesmo o local, se está cedido ao Concello, que saben que nalgún momento estivo, pero que o que piden é que na medida do posible se lles permita ter alí unhas mesas e unhas cadeiras para que poidan estar máis cómodos. Que tamén nese local hai goteiras, a pintura está como desconchada, e entón a ver se desde o Concello se lles pode botar unha man para reparar as goteiras e mirar un pouco por aquilo dado que agora ven a Feira do Grelo e aquilo tamén se usa para a feira.

Fala deseguido dos colectores do lixo, que pasou o Nadal, que é a época do ano onde quizais se xere máis lixo, e que os colectores amarelos estaban cheos e seguen cheos no día de hoxe e que lles gustaría saber por que non se recolleron, por que non se fixo unha planificación de cara ao Nadal, porque hai moitos supermercados que os teñen cheos e están evidentemente tirando todo no outro, que é un prexuízo para as arcas municipais, e queren saber cando teñen previsto recollelos porque unha maneira de axudarlles aos negocios de Monfero é levar a recollida do lixo ao día.

Seguidamente di que viron que se van a destinar 7.000,00€ para puntos de luz e que lles gustaría que se lles diga onde se van a colocar, se hai algunha colocada a día de hoxe.

Despois lémbrales ao goberno que están esperando por esa lista de obras que lles ían a pasar e que, no día da data, despois de, xa perderon a conta, case, despois de catro meses, esas obras non se lles foron remitidas. Que piden que tanto as obras como os puntos de luz se lles indique onde se van a poñer.

A continuación pregunta sobre a comisión de obras que pedía o seu grupo, que queren saber cando se vai a facer porque xa están no ano novo e non saben cando teñen previsto facer a primeira comisión.

Outra cousa que queren pedir é que se mire a entrada do colexio pola zona de secretaría, fronte á secretaría, porque esa entrada, cando está chovendo, anégase toda de auga e imposibilita moito o paso dos nenos cara adentro, así como das familias para deixar aos nenos. Que estes días que hai folga de transportes e hai que ir a levar os nenos ao cole, se coincide que é un día de choiva, aquilo está todo inundado e os nenos mollan os tenis e entón a ver se se pode facer algo alí, meterlle... facer unha pequena gabia, meter unha canaleta ou... que non sabe, que non é a que ten que tomar a decisión, pero que si piden que se faga iso para evitar que os nenos ao cruzar se mollen os pes.

Que pola súa parte nada máis.

Respóndelle agora o Sr. Alcalde en funcións.

Canto ao local dos cazadores de Xestoso, que xa lle comentaron o ano pasado que hai goteiras, que teñen posto un plástico para tapar a auga, pero que lle dixeron que agora que non pasaba a auga. Que alí o que hai que facer é cambiar a cuberta enteira. Que no tema do mobiliario lle pediron mesas e cadeiras pero que cre que adquiriron unha parte e que se lles vai proporcionar mobiliario sen problema ningún. Que el entende que o polideportivo do Val de Xestoso foi cedido ao Concello pero que non sabe por cantos anos e que, no caso de que lle queiran botar a cuberta

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

nova ao local dos cazadores e aos baños, hai que mirar se está a cesión en vigor ou volver a renova-la. De orde do Sr. alcalde en funcións, o Sr. Secretario-Interventor indica que se cedeu hai moito tempo, que agora mesmo é andar improvisando, que cre que a cesión era por 25 anos e cunha prórroga automática, pero que é mellor miralo porque senón se vai falar sen seguridade dada a antigüidade da cesión. Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que o que hai que facer e botarlle a cuberta toda nova.

Contesta agora, sobre os colectores do lixo amarelos, que a maioría xa case están recollidos, que se comezou esta semana a recollelos e menos a zona alta, porque recolleuse despois, que agora se está recollendo cada mes e medio ou dous cando antes se recollía cada tres ou catro, que comezaron a recoller onte os colectores amarelos e que poden comprobar que na zona de aquí xa están recollidos, que na zona do Xestal cara aquí a maioría deben de estar recollidos, que comezaron onte, onte e hoxe. Apunta a Sra. Voceira do PP que na Tenda da Aldea están sen recoller, a no ser que foran agora, que a unha da tarde estaban alí cheos. Contéstalle o Sr. Alcalde en funcións que igual non chegaran aínda, que non sabe se chegaron agora, que estaban recollendo pola tarde, que onte pola mañá recolleron e onte pola tarde tamén. O Sr. Concelleiro do BNG apunta que pasaron hoxe ás seis por alí. Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que esta semana empezaron a recoller e que para a semana, luns ou martes, quedan todos recollidos.

Deseguido contesta ao tema dos puntos de luz que non lembra agora mesmo en que lugares ían, que lembra algúns pero non todos de memoria, que están os lugares no expediente de contratación e que se lles pasa sen problema.

Respecto do listado de obras que lle volve repetir que llo di agora no pleno e queda na acta, que as sabe de memoria e por parroquias. Contéstalle a Sra. Voceira do PP que o queren por escrito, que queren algo que sexa serio, que iso non lles parece nada serio, que non o queren a viva voz, que queren un documento onde consten as obras. Pregúntalle o Sr. Alcalde en funcións se falan de obras de albanelería con empregados públicos e a Sra. Voceira do PP respóndelle que si. Insiste o Sr. Alcalde en funcións que llas di agora no pleno, que as sabe de memoria, pero que non as quere así.

Despois respóndelle sobre a comisión de obras que está esperando a que lle digan quen son os representantes de cada grupo na dita comisión, que non sabe se son os dous primeiros, o primeiro, o terceiro, o cuarto, que non sabe como van facer, que poñía dos concelleiros do grupo pero que non poñía os dous primeiros. A Sra. Voceira do PP contéstalle que a eles ninguén lles preguntou, que alguén lles terá que preguntar, que designan aos dous primeiros, José e Belén, e o Concelleiro do BNG. A un tempo, o Sr. Concelleiro do PP, D. José Tojeiro Mosquera, manifesta que quedarán os dous primeiros e o Concelleiro do BNG. A Sra. Concelleira pregunta se xa quedan así designados. De orde do Sr. Alcalde en funcións, o Sr. Secretario-Interventor apunta que cando se trata da Comisión de Contas cada grupo presenta un escrito dicindo quen son, dous titulares e os suplentes. A súa vez, o Sr. Alcalde en funcións indica que intuía que serían os dous primeiros pero que non o sabía. O Sr. secretario-Interventor queda de facerlles chegar un modelo para presentalo.

Remata o Sr. Alcalde en funcións coa pregunta sobre a entrada do colexio, dicindo que xa estiveron alí no mes de outubro, limpando a rexiña e as follas que atascaban os sumidoiros. Indica a Sra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Voceira do PP que cre que non falan da mesma entrada. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si. A Sra. Voceira do PP pregúntalle se fala da entrada polo pavillón. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que estaban todas atascadas as rexiñas que hai, os rexistros que hai desde a entrada dos buses ata o pavillón estaban a maioría atascados, e pensaban que era que corría a auga por enriba, que non desaugaba ben, e, unha vez que limparon todo comprobaron que apozaba alí igual a auga de choiva que non procede dos sumidoiros de enriba e que mirarán de amañalo tamén.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión e deu as grazas aos asistentes, ás dezanove horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certificoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor